



**Mero:** Eu quero saber as herbas que conoza que males curaban. Ou como se facía ou como se preparaban. Xa sexa pa animais ou pa vacas. Po inchazón ou pa o flemón... ou para esas enfermidades dos...

**Sra Natalia:** Mira, pros animais, pras vacas cando inchan, pra eso non hai coma as herbas de San Xoán.

**M:** E que herbas son esas?

**N:** Unhas herbas moi grandes que se se fija teñen unha espiga arriba coma se fora de trigo e hai que arrancalas. Podendo ser con raíz porque a raíz abaixo ten unha boliña que fai coma unha ceboliña pequeniña e esas son as propias herbas de San Xoán.

**M:** Ah...

**N:** E o día de San Xoán, o víspera, hai que botalas a serenar e despois recollelas antes de o sol saír.

**M:** Antes de saír o sol?

**N:** Antes de saír o sol hai que recollelas herbas e atalas nun atadiño así nun molexo e póñelas, e túralas así a un lado onde non as extravíes e cando as vacas inchan ou teñen así algo deso, pois afúmalas. Agarras unha tella, con dúas ascuas de brasas, chamámoslle ascuas, bótalas na tella e aquelas herba por encima xa che fai o fume e entonces a vaca respira aquilo. Fáielle moi ben. E para os homes cando están enfermos tamén son moi boas. Pero hai que traerlle tamén no... cando esto, cando sale o Santísimo e botan así, cubren así os camiños de espadanas, e todas esas clases de herbas que hai que botan pros camiños pois recollen tamén.

**M:** Fiunchos e eso...

**N:** Oi, o fiuncho é moi bo! E recollen todo xunto, e entonces gárdanas e despois é cando sacan o aire ou se teñen o aire do bicho ou así é moi boa pero hai que afumarse con eso.

**M:** Hai que afumarse con eso...

**N:** Despidos!

**M:** Despidos?

**N:** Despidos!

**M:** Arre carai!



**N:** E tamén é bo para cando teas así unha enfermidade que teñas así un inchazón ou así, algún día había moitas enfermidades, e non había medicinas... Pero eso en serio, eh agora che contar que é de verdade. Os homes e as mulleres cando tiñan algún día ese picazón que se chamaba a sarna.

**M:** A sarna.

**N:** A sarna. Collían un sábana e marchábanse polos herbales naquela xiada da noite e aquela herbiña e tumbábanse por entre a herba, envolveitos naquela sábana para que non lle picase ningún bicho e así tres ou catro días seguidos.

**M:** E pasáballes a sarna?

**N:** Xa non andaban con máis pomadas nin máis medicamentos nin máis nada.

**M:** Era o xeito de sacala.

**N:** Era o xeito mellor de sacala, era ese. Era o (?) que salía.

**M:** Tamén dicía Suso, dixo que, para as diarreas, para as cagaleras, era moi bo ferver as raíces das silvas en auga e tomar ese líquido. Despois de ben lavadiña e tal tomar o líquido da infusión deso.

**N:** Da silva e do codeso.

**M:** E sabe máis cousas así?

**N:** Non, non sei máis que non me veñen agora ao sentido. Pero despois cando sepa...

**M:** Pa medrar o pelo como facían, para que medrara o pelo?

**N:** Pois collían follas de tabaco, deses cigarros que había xa feitos, farias. Desfacíano e lavábano na i- auga, botábano a ferver na i- auga e con aquel i- auga lavaban o pelo para que medrara.

**M:** Como facía coas verrugas, para sacar as verrugas alá por Muxía.

**N:** Espera que che vou decir. As verrugas sacábalas moi ben ofrecéndolle un ferrado de millo e un quintal de patacas á Virgen do Espiño.

**M:** Si?

**N:** Si, que era mui avogosa para eso.

**M:** E xa marchaban, ou?

**N:** E marchaban.

**M:** E non había outros remedios así... pola miña terra collíanse as figueiras e co leite das ramas das figueiras tamén se botaban por enriba da verruga para que pasaran.



**N:** Iban tamén á Santa do Espiño e alí hai unha fonte e levaban uns trapiños e lavaban as verrugas e deixaban ao sol os trapiños como se fora un tendedeiro gitano, o mesmo.

**M:** Os trapiños donde limparan as verrugas deixábanos ó sol?

**N:** Lavaban as verrugas e tiñan que quedar os trapiños ao sol. Pero os trapiños eran así pequeniños.

**M:** E xa pasaban as verrugas?

**N:** Pasaban. E para o outro ano xa non tiñan que levar o ferrado de millo nin patacas nin fabas.

**M:** Tamén levaban fabas?

**N:** Levaban.

**M:** Arre carai! A bola quente tamén pasábana...

**N:** A bola quente pasábanlla por riba das verrugas.

**M:** Porque aquí din que despois de pasala por enriba das verrugas a bola quente tirábaselle a un can e dicíasele: Toma can verrugas e pan.

**N:** Igual, igual, igual. Parece que mo vas dicindo e vouno recordando.